

A ESCOLA DA VIDA

Parados de luxo

12.03.2011**XOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Toda sociedade que se prece debe ter parte da súa poboación cun nivel de preparación alto que lle permita acadar unha cada vez maior calidade de vida. Normalmente, este tipo de profesionais fórmanse nas universidades ou en centros de estudos superiores. Pero preparar os mozos titulados tamén ten os seus custos. Sociais, porque, tanto as súas familias coma eles mesmos, teñen que dedicar unha parte das súas vidas a acadar a titulación que avale as súas capacidades. E económicos, porque ao non ser gratuíta téñenlle que destinar parte dos seus ingresos. Pola súa banda, a Administración ten que sustentar os soportes da formación superior (facultades, profesores, recursos, etc.).

O problema preséntase cando sobran profesionais en determinadas áreas ou cando non existen para cubrir outras. Un inconveniente que se advirte cando a planificación é inexistente ou se obra con intereses particulares. É, por exemplo, irracional que a universidade galega estea triplicada, pois nun territorio onde as distancias son curtas un maior número de universidades non supón unha mellor rendibilidade dos seus recursos. Se a iso se lle engade que a diversificación e adecuación das titulacións ao territorio non son os eixes da oferta tamén se producirán desequilibrios coa demanda, que provocan desinvestimentos importantes en capital humano e financeiro. Estes son algunhas das eivas das nosas univesidades, que, agora, en tempos de vacas fracas, están a pasar por unha crise financeira e de credibilidade importantes.

Estamos en tempos de grandes recortes, e os cidadáns debémoslles pedir a todas as nosas institucións sociais os axustes necesarios. Xa non vale manter titulacións que cada ano gradúan un número excesivo de profesionais que nunca van atopar traballo adaptado á súa formación nin manter un corpo docente cun escaso número de alumnos. Cada titulado cústalles á súa familia e á sociedade galega entre 90.000 e 120.000 euros. Un gasto excesivo para estar aparcado nas listas do paro ou para exercer unha ocupación para a que os seus coñecementos ou son excesivos ou son inadecuados. A racionalidade da planificación é unha das bases para conseguir unha maior rendibilidade da nosa universidade, facer calquera outra cousa é seguir polos camiños equivocados..